



**TRABALLO  
POR  
PROXECTOS  
NA  
BIBLIOBN**

## 1. INTRODUCCIÓN

A EEI Barrionovo é un centro de 3 unidades de Educación Infantil con 4 especialistas de E.I., 1 especialista en Lingua Estranxeira e 1 especialista en Audición e Linguaxe, todas definitivas e a tempo completo. Levamos 4 cursos traballando exclusivamente a partires dun proxecto anual que xera a biblioteca.

O proxecto anual deixase aprobado no último Claustro e Consello Escolar do curso anterior.

Este método de traballo aparece recollido en todos os documentos oficiais do centro: NOF, PXA, Concreción Curricular do PEC...

As programacións anuais das aulas, especialidades e coordinacións recollen, por competencias, os obxectivos a traballar no proxecto anual.

Nas reunións titorias de comezo de curso, as familias son informadas da temática do proxecto e dos obxectivos a conquistar a través do mesmo. Tamén son convidadas a participar activamente das actividades e busca de información.

Nestas reunións preséntase o blogue da biblioteca e explícanse os apartados que nel se atopan e a información e recursos que se poden obter de cada un.

O proxecto ten a duración dun ano académico e os contidos son secuenciados por trimestres. Ao finalizar cada trimestre lévase a cabo unha avaliación dos obxectivos conquistados.

Todo o profesorado do centro está implicado no proxecto anual polo que a totalidade do alumnado participa no mesmo.

Para a organización do traballo lévase a cabo unha reunión mensual na que se coordinan as accións necesarias para a evolución do proxecto. Todos o profesorado do centro dispón no seu horario lectivo dunha hora semanal de dedicación á biblioteca e outra ao proxecto.

Os contidos traballados para acadar as competencias básicas dentro do proxecto son os seguintes:

### ***COMPETENCIA LINGÜÍSTICA***

- Narración de contos seleccionados pola biblioteca.
- Narración de biografías seleccionadas pola biblioteca.
- Achegamento á Toponimia a través das guías do Concello.
- Interese pola busca de información en familia
- Gusto por explicar aos compañeiros a información traída á clase
- Lectura e escritura de palabras significativas e usuais
- Elaboración de textos sinxelos
- Traballo coa noticia e o xornal
- Aumento do léxico relativo ao proxecto : BITS dos 101 Nomes

### ***COMPETENCIA MATEMÁTICA***

- Liñas de tempo biográficas.
- Os números das nosa rúas.
- Traballo co plano : orientación espacial e planos con cadros de dobre entrada e coordenadas.
- A xeometría a través dos planos e na contorna.
- Traballo cos Ortofotomapas : busca de topónimos.
- Traballos sobre plano cos Beebot e escornabot.
- Representacións espaciais a través de debuxos, planos, fotografías, Mapas e outros.

- Arte Matemático: Ilusións ópticas de Escher.
- Xogos matemáticos tradicionais : Oca dos 101 Nomes.
- Medidas de lonxitude: no espazo físico e virtual do Google Maps.
- Nocións topolóxicas : RA Xeoposicionada.

### ***COÑECEMENTO E INTERACCIÓN CO MUNDO FÍSICO***

- Coñecemos a nosa parroquia: “Eu vivo en ...”
- Percorremos a nosa parroquia: Busca de rúas, Rueiros Literarios, Rueiro Letras Galegas, busca de puntos de interese, Rúas de científicos, Rúas de mulleres, Rúas de artistas.
- Petición de rúa para unha muller, científica e galega : Ángeles Alvariño.
- Respecto polo medio no que vivimos.
- Respecto polo medio natural que nos rodea.
- Participamos activamente nas actividades programadas.
- Razoamento científico: formulación de hipóteses, busca de información...
- Noción de : parroquia, Concello , Comunidade, País.
- Representación do mundo que nos rodea: mapas e planos.

### ***COMPETENCIA SOCIAL E CIDADÁ***

- Recoñecemento e identificación dos servizos comunitarios de Pastoriza.
- A convivencia no medio no que vivimos.
- Un Entroido histórico: Pastoriza hai 101 anos.
- Día da Muller : A Muller nas rúas de Pastoriza.
- Participación e implicación no proxecto tanto do alumnado como das familias

### ***AUTONOMÍA PERSOAL***

- Responsabilidade ante as tarefas
- Busca, tratamento e comunicación da información.
- Desenvolvemento en proxectos de investigación.

### ***COMPETENCIA CULTURAL E ARTÍSTICA***

- Interese pola biblioteca como espazo de lectura e información sobre o proxecto.
- Gusto polas actividades plásticas
- Coñecemento e traballo dos artistas que dan nome ás nosas rúas.
- Coñecemento e traballo arredor da Arte Urbana.
- Realización de pinturas e esculturas con diferentes técnicas e materiais.
- Cancións e poesías das rúas.
- Visita a exposicións.


### ***COMPETENCIA DIXITAL***

- Interese na busca, tratamento e comunicación de información en internet.
- Busca e tratamento da información e recollida na PDI e en googlesites.
- Actividades LIM : LIM 101 Nomes

- Achegamento e produción de audiovisuais como videoclips, animacións, timelapse, stopmotions ou xogos dixitais educativos.
- Achegamento ao uso do ordenador, tablet, Ipad, cámaras, Mesa de Luz...nos procesos creativos para a elaboración de producións audiovisuais como animacións, presentacións, vídeos..., a través de programas de edición de textos, de gráficos e de sons.
- Creacións con Realidade Aumentada ( Aurasma, Geoaugmentaty e Thinglink) e códigos QR.
- Traballo con GoogleMaps e Mapas interactivos.
- Creación de Cromas para a edición de vídeos.
- Iniciación á robótica co Beebot e o Escornabot.
- Aproveitamento dos recursos educativos dos blogues.
- Videokonferencia por skype : Onde me encontró?

### **COMPETENCIA PARA APRENDER A APRENDER**

- Panel sobre o que sabemos (ideas previas), queremos saber e o que aprendimos.
- Realización dun libro-rexistro do que imos traballando.
- Capacidade de busca de información.
- Exposición final de curso sobre o traballo de cada aula.



## **2. TEMÁTICA DA INVESTIGACIÓN**

Estes contidos se desenvolveron traballando as seguintes temáticas:

-**Eu vivo en ...** : As nosas rúas ( nome, puntos de interese...)

<http://bibliobn.blogspot.com.es/2015/03/asi-contamos-das-nosas-ruas.html>

-**Lugares de interese** da parroquia.

<http://bibliobn.blogspot.com.es/2015/04/mapa-interactivo-dos-lugares-de.html>

-**Rúas de Artistas** : Miró, Picasso, Dalí, Mon Vasco, Franciscoa Asorey, Luis Seoane, Laxeiro, Velázquez, Pedro Berrugete, Salzillo e Juan de Juni.

<http://bibliobn.blogspot.com.es/p/biblioarte.html>

**-Rúas de Científicos:** Marie Curie, María Montessori, Ramón y Cajal, Severo Ochoa e Gregorio Hernández.

<http://bibliobn.blogspot.com.es/2014/11/fotos-pe-de-rua-cientifica.html>

<http://noaltodobarrio.blogspot.com.es/2014/11/a-voltas-co-rueiro-ruas-de-cientificos.html>

**-Rúa da Paz.**

<http://bibliobn.blogspot.com.es/2015/02/nunca-e-tarde-para-unha-queda-da-pola-paz.html>

**-Rúas de Mulleres:** María Barrientos, Victoria de los Ángeles, María Callas, María Luisa Nache, María Montessori e Marie Curie

<http://bibliobn.blogspot.com.es/2015/03/dia-da-muller-2015.html>

**-Rueiro Literario:** Álvaro Cunqueiro, Antonio Machado, Federico García Lorca, Filgueira Valverde, Carballo Calero e Miguel Hernández.

<http://bibliobn.blogspot.com.es/search/label/Rueiro%20Literario>

**-Rueiro Letras Galegas:** Filgueira Valverde, Álvaro Cunqueiro e Carballo Calero.

<http://bibliobn.blogspot.com.es/2015/05/correlingua-polas-ruas-de-pastoriza.html>

**-A Toponimia** da nosa parroquia.

<http://bibliobn.blogspot.com.es/search/label/Toponim%C3%ADa>

**-Mapa emocional de Pastoriza :** relación entre as persoas que dan nome ás rúas.

<http://bibliobn.blogspot.com.es/2015/04/plano-emocional-de-pastoriza.html>

### 3. DESEÑO E ELABORACIÓN

No último claustro do curso 2013-14 decidimos a temática do proxecto. Como primeiro paso escollemos os contidos a traballar en torno ao proxecto e os secuenciamos por trimestres.

A partires disto o profesorado diseña as programacións de aulas e especialidades, tendo en conta as características do grupo e especialidade impartida. Estas programacións son postas en común ao inicio do curso, no primeiro claustro.

A primeiros de setembro a biblioteca presenta ao profesorado a selección de recursos para o proxecto, esta presentación repítese nas reunións iniciais coas familias.

Nos primeiros días o profesorado ambienta o centro e coloca o espazo de recursos na biblioteca.

<http://bibliobn.blogspot.com.es/2014/09/exposicion-fondos-dos-proxectos.html>



Deseñamos unha actividade inicial para presentar o proxecto ao alumnado na biblioteca: animación do logo da biblioteca no Ipad co programa Chatterpix que convidaba ao alumnado a subir á biblioteca. Alí proxectouse un vídeo de presentación do proxecto coa finalidade de promover a curiosidade do alumnado para coñecer os seus intereses (que sabemos, que queremos saber).

<http://bibliobn.blogspot.com.es/2014/09/benvidos-un-novo-proxecto.html>

Mensualmente ,en coordinación co Ciclo, elabórase un planning de tarefas a realizar. Permanece exposto na Sala de Mestres como guía de referencia para a hora de proxectos que ten cada mestra.

101 NOMES	
29-5 SETEMBRO	-COMEZAR TRABALLO IDEAS PREVIAS: PANEL CONCELLO-PARROQUIA -PANELS IDEAS PREVIAS -PANEL QUE QUEREMOS SABER -PANEL PARA A PRENSA NA ENTRADA
6-12 OUTUBRO	-COMEZO RECOLLIDA INFORMACIÓN NA CASA (O SOBRE (FAZER NOTA DE EXPLICACIÓN, PLANTILLA E FORMATO SOBRE) -TRABALLO COS PLANOS -PLANTEAR SÍNTASES POLA PARROQUIA, E IR MARCANDO NO PLANO
13-19 OUTUBRO	-PRESENTACIÓN NA AULA DA INFORMACIÓN RECOLLIDA AOS COMPAÑEIROS E COLGAR NOS BLOGUES -ESTABLECER UN DÍA DO MES FIJO "ONDE ME ENCONTRO?" SKIPS -PENSAR NALGÚN ENCONTRO EN TORNO AO PROXECTO
20-26 OUTUBRO	-ESTABLECER UN DÍA DO MES FIJO PARA COMPARTIR AS INFORMACIÓNS MÁIS INTERESANTES APORTADAS NAS AULAS— PENSAR TÍTULO "CÓNTAME VEGÓN?" -PREPARAR E FOMENTAR ENCONTROS COAS FAMILIAS EN TORNO AO PROXECTO
27-2 OUTUBRO	-PREPARAR E FOMENTAR ENCONTROS COAS FAMILIAS EN TORNO AO PROXECTO

Trimestralmente fixemos unha revisión das programacións para saber o traballado e as posibles desviacións do proxecto inicial. Estas revisións foron enriquecendo as previsións iniciais.

Mensualmente o alumnado, por aulas, presenta na biblioteca o traballado no proxecto.

<http://bibliobn.blogspot.com.es/2015/03/asi-contamos-das-nosas-ruas.html>

#### 4. TAREFAS REALIZADAS POLO ALUMNADO

- ◇ Aportación de recursos: “Eu vivo en ...”

Aula 3 anos :

<http://obarriodecloti.blogspot.com.es/2015/03/falando-das-nosas-ruas.html>

Aula 4 anos :

<http://barriolaranxa.blogspot.com.es/2015/06/correo-de-amina.html>

Aula 5 anos :

<http://noaltodobarrío.blogspot.com.es/search/label/INFORMACI%C3%93N%20PROXECTO>

- ◇ Exposicións ao resto do alumnado dos recursos aportados: “Así contamos das nosas rúas”

<http://bibliobn.blogspot.com.es/2015/03/asi-contamos-das-nosas-ruas.html>

- ◇ Busca de información en diferentes fontes  
<http://noaltodobarrio.blogspot.com.es/2014/11/cientificos-na-rua-seguimos-investigando.html>  
<http://bibliobn.blogspot.com.es/2015/03/dia-da-muller-2015.html>
- ◇ Participación en Encontros con persoas “expertas”  
<http://bibliobn.blogspot.com.es/2015/04/encontro-con-miguel-sande.html>  
[http://bibliobn.blogspot.com.es/2015/05/fonoteca-dos-101-nomes\\_10.html](http://bibliobn.blogspot.com.es/2015/05/fonoteca-dos-101-nomes_10.html)
- ◇ Participación en EncontXos ao redor dun texto con temática das rúas  
<http://bibliobn.blogspot.com.es/search/label/EncontXos>
- ◇ Saídas pola parroquia:  
<http://bibliobn.blogspot.com.es/search/label/Rueiro%20Literario>  
<http://noaltodobarrio.blogspot.com.es/2015/03/a-voltas-co-rueiro-en-busca-da-rua.html>
- ◇ Compartimos o aprendido: “Encontro Fin de Rueiro”  
<http://bibliobn.blogspot.com.es/2015/06/encontro-fin-do-rueiro.html>
- ◇ Actividades con diferentes tipos de texto: contos, poesías, xornal, biografía, cómic, textos informativos...  
<http://noaltodobarrio.blogspot.com.es/search/label/PRENSA>  
<http://novosnobarrio.blogspot.com.es/search/label/poes%C3%ADa>  
<http://barriolaranxa.blogspot.com.es/search/label/DICIONARIO>
- ◇ Robótica : traballo sobre o plano de Pastoriza  
<http://noaltodobarrio.blogspot.com.es/2015/03/os-escornabots-no-noso-proxecto.html>
- ◇ “NomeARTE”: artistas que dan nome ás nosas rúas, achegámonos á súa obra e traballamos sobre elas.  
<http://bibliobn.blogspot.com.es/search/label/NomeArte>  
<http://novosnobarrio.blogspot.com.es/search/label/NomeARTE>
- ◇ “Arte na rúa” : achegamento á Arte Urbana  
<http://bibliobn.blogspot.com.es/search/label/Arte%20na%20R%C3%BAa>  
<http://novosnobarrio.blogspot.com.es/search/label/Arte%20na%20R%C3%BAa>
- ◇ Actividades multimedia

-GEOAUMANTATY : RA xeoposicionada cos lugares de interese de Pastoriza

<http://obarriodecloti.blogspot.com.es/2015/05/geoaumentaty.html>

<http://noaltodobarrío.blogspot.com.es/2015/05/realidade-aumentada-xeoposicionada.html>

-AURASMA : RA cos lugares de interese, intervención urbana nos descampados e mapa dos topónimos.

<http://noaltodobarrío.blogspot.com.es/2015/05/lugares-de-interese-da-nosa-parroquia.html>

<http://noaltodobarrío.blogspot.com.es/2015/04/reinventando-pastoriza-realidade.html>

<http://barriolaranxa.blogspot.com.es/2015/06/101-nomes-os-toponimos.html>

-MAPAS INTERACTIVOS . Google e Thinglink

<http://barriolaranxa.blogspot.com.es/2015/05/eu-vivo-en-pastoriza.html>

<http://noaltodobarrío.blogspot.com.es/2015/04/mapa-interactivo.html>

-CROMA : Barrionoticiario

<http://bibliobn.blogspot.com.es/2015/04/blog-post.html>

-PRESENTACIÓN SMART NOTEBOOK: Bits do vocabulario do proxecto

<http://bibliobn.blogspot.com.es/search/label/Bits>

-PRESENTACIÓN SLIDESHARE: Presentación dos artistas que dan nome ás nosas rúas

<http://bibliobn.blogspot.com.es/search/label/NomeArte>

-SOUNDCLOUD E AUDACITY : gravación, edición e aloxamento da Fonoteca dos 101 nomes.

<http://barrionovofalagalego.blogspot.com.es/search/label/fonoteca>

-LIM 101 NOMES

<http://bibliobn.blogspot.com.es/2015/06/lim-101-nomes.html>

-TIMELAPSE : LEVANTANDO Pastoriza en 3D

<http://bibliobn.blogspot.com.es/2014/12/encontro-un-artista-na-escola.html>

-FOTOGRAFÍA PANORÁMICA : Liña do tempo dos persoeiros que dan nome ás nosas rúas

[http://bibliobn.blogspot.com.es/2015\\_01\\_01\\_archive.html](http://bibliobn.blogspot.com.es/2015_01_01_archive.html)

-POWER POINT : presentación do alumnado de 5 anos polo Día da Muller

<http://bibliobn.blogspot.com.es/2015/03/dia-da-muller-2015.html>

-SKYPE: Vídeo conferencia para coñecer os lugares da nosa parroquia : “Onde me encontro?”

<http://bibliobn.blogspot.com.es/search/label/Onde%20me%20Encontro%3F>

-GOOGLE MAPS : Traballo con apps e no ordenador

<http://noaltodobarrío.blogspot.com.es/2014/09/a-casa-de.html>

-CORREO ELECTRÓNICO : correos entre aulas para compartir información do proxecto

<http://noaltodobarrío.blogspot.com.es/2014/11/onde-me-encontro.html>

## **RESUMO DO TRABALLO TIC : RUEIRO TIC**

<http://es.slideshare.net/mariapousa/rueiro-tic>



## 5. RECURSOS E FONTES CONSULTADAS

Como en todos os cursos, no blogue da biblioBN, están aloxados os recursos relativos ao proxecto a tratar. Estes recursos son compartidos coas familias na reunión titorial de inicio de curso e co alumnado nos primeiros días de clase.

Entendemos, como contábamnos no noso proxecto, a biblioteca como o centro de recursos necesario e imprescindible para o traballo por proxectos.

Así no blogue da biblioteca aparecen dúas páxinas específicas:

-Recursos do proxecto

-Recursos de Arte

### *Recursos do proxecto*

En este apartado aparecen recompilados os recursos literarios e informativos aloxados no recuncho da biblioteca:



PASTORIZA : 101 NOMES

<https://sites.google.com/site/pastoriza101nombres/>

Recompilación da información sobre os artistas que dan nome as nosas rúas e do traballo realizado polo alumnado.



BIBLIOARTE : ARTE NA RÚA

<http://bibliobn.blogspot.com.es/p/biblioarte.html>

## 6. IMPLICACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA

No desenvolvemento do proxecto están implicados todos os sectores da comunidade educativa.

As familias son un elemento fundamental na consecución do noso proxecto participando de diferentes maneiras: aportación de información, Encontros, EncontXos, saídas...

Para a implicación das familias estimamos como algo fundamental a información do proceso de aprendizaxe, mostrando o que estamos a aprender, como o estamos aprendendo, que queremos saber, que necesitamos para a nosa investigación...

Todo isto o logramos grazas aos blogues de aula e especialidades, notas informativas, reunións titoriais, etc.

Xa que o noso aprendizaxe está moi relacionado coa nosa contorna, consideramos tamén imprescindible a relación co noso concello, programando actividades conxuntas dentro do programa Educatízate e Arteixo Innovación.

Por outra banda a implicación do profesorado resulta un pilar fundamental, xa que dende a súa incorporación ao centro procuramos que participe activamente na dinámica do centro.

## 7. DIFUSIÓN DOS TRABALLOS

Os nosos blogues son a ferramenta principal da difusión dos nosos traballos á comunidade educativa. Para acceder aos traballos do proxecto hai unha etiqueta relativa aos mares.

### BLOGUE DE CENTRO-AEEIBARRIONOVO



<http://aeeidebarrionovo.blogspot.com.es/search/label/Surcando%20os%20mares>



### AULA 5 ANOS- NO ALTO DO BARRIO

<http://noaltodobarrio.blogspot.com.es/search/label/101%20NOMES>

### AULA 4 ANOS-O BARRIO LARANXA



<http://barriolaranxa.blogspot.com.es/search/label/101nomes>

### AULA 3 ANOS - O BARRIO DE CLOTI



<http://obariodecloti.blogspot.com.es/search/label/101%20nomes>

## AUDICIÓN E LINGUAXE-OS LARETAS DO BARRIO



<http://oslaretasdobarrío.blogspot.com.es/search/label/101%20NOMES>

## BLOG DE TICS- TICSBN



<http://ticsbn.blogspot.com.es/search/label/101NOMES>

## BLOGUE NORMALIZACIÓN-BARRIONOVO FALA GALEGO



<http://barrionovofalagalego.blogspot.com.es/search/label/101%20NOMES>

Dentro destes blogs, o que leva un peso fundamental na difusión do proxecto é o blogue da nosa biblioteca. O blogue aparece enlazado tanto no do centro ,como no das diferentes aulas e especialidades cara a unha maior difusión do mesmo.

## BIBLIOTECA-BIBLIOBN



<http://bibliobn.blogspot.com.es/search/label/101%20Nomes>

As exposicións permanentes e temporais no centro tamén axudan a difundir os traballos ás familias e o resto do alumnado. O longo de todo o curso temos exposicións permanentes no corredor de cada andar, da evolución do proxecto en cada aula. Ao rematar o curso realizamos unha exposición temporal na bibliobn para todas as familias do centro, así como un encontro para o alumnado onde cada clase explicou o aprendido, ao longo do proxecto, aos compañeiros.

Ademáis dos blogs existen outras canles de difusión como: festivais, outros proxectos de centro como por exemplo o de voz natura, reunións titoriais, noticias do xornal, exposicións, dossiers individuais, etc.

## 8. AVALIACIÓN

Facemos avaliacións trimestrais tanto dos obxectivos xerais como dos específicos do proxecto, das aulas, coordinacións e especialidades.

Estas avaliacións reflicten os obxectivos conquistados, os desbotados, e os que quedan por acadar, preveendo así posibles desviacións do proxecto inicial.

A consecución dos obxectivos indicados no segundo punto están directamente relacionados cos indicadores de avaliación, dos que partimos para elaborar as programacións, todo isto queda recollido na memoria de fin de curso.

## 9. FUNCIÓN E PARTICIPACIÓN DA BIBLIOTECA

A biblioteca supón o inicio e o final do proxecto anual do centro.

Ao comezo de curso a bibliobn presenta unha actividade motivadora que abre o traballo do proxecto.

Benvidos a un novo proxecto:

<http://bibliobn.blogspot.com.es/2014/09/benvidos-un-novo-proxecto.html>



Neste proceso a biblioteca tamén aporta información a través dos diferentes recunchos: selección de fondos do proxecto, ferramentas tic para o aprendizaxe, exposicións temporais...

Nas reunións tutoriais de principio de curso coas familias, se lles informou da continuidade do centro no PLAMBE e do significado que isto tiña para a vida da escola e no traballo en proxectos de investigación que guía a liña pedagóxica do centro .

Como en cursos anteriores, dentro da xestión técnica, edítase unha etiqueta temática relativa ao proxecto, que vai na traseira dos libros seleccionados.

Trimestralmente, elabóranse guías de lecturas. Recollen novidades, literatura, textos informativos, libros narrados nos EncontXos e textos relacionados co proxecto anual de traballo. Os textos que aparecen nas guías son obxecto de exposición temporal. As guías recollen libros que están nos fondos da biblioteca e que son coñecidos e traballados polo alumnado. Antes de levar a guía para casa, é obxecto de lectura e reflexión nas aulas. As guías son promocionadas no blogue, asimesmo teñen un apartado específico dentro do blogue no que se recollen todas as guías editadas ata o momento.

<http://bibliobn.blogspot.com.es/p/guias-de-lectura.html>

No mes de outubro enviamos unha circular ás familias para que participen na aportación de información sobre o proxecto. Nas reunións iniciais das tutorías explicouse a finalidade desta actividade e como debían axudar aos nenos a recompilar, tratar e transmitir a información aos seus compañeiros. Este curso o tráfico de información foi a través dun sobre de correos no que alumnado traía a información da rúa na que vive.



## **Encontros**

<http://bibliobn.blogspot.com.es/search/label/Encontros>

Neste apartado recolleemos os encontros na biblioteca con profesionais que veñen a contarnos do seu traballo. Para os encontros, o alumnado, prepara as preguntas que lles interesan sobre o tema.

Encontrámonos con :

- Maite Álvarez Osorio. Encontro Oceanográfico: Ángeles Alvariño
- Irita&Pancho . Un artista na aula. Levantando Pastoriza en 3D
- Equipo Escornabot. Encontro Robótico.
- Marcos Bermúdez. Garda Civil de Tráfico.
- DXT. Educación Vial.
- Día da Muller. A Muller nas Rúas de Pastoriza.
- Miguel Sande . Día do Libro.

Os encontros rematan cunha firma no Libro de Visitas e o agasallo, á persoa que nos adicou o seu tempo.

## **Cóntame da túa rúa**

O alumnado informou mensualmente aos seus compañeiros das outras aulas do que trouxeran nos seus sobres. Información recompilada na casa.

## **Onde me Encontro?**

Vídeoconferencias por skype realizadas polo profesorado e o alumnado, desde diferentes lugares da nosa parroquia.

A través das pistas que nos dan os que estamos na biblioteca debemos adiviñar de que lugar se trata.

## **EncontXos**

As actividades de fomento da lectura da biblioteca tiveron como eixe central os **EncontXos** , xuntaza do alumnado do centro arredor da lectura (ás veces alumnado e familias)

<http://bibliobn.blogspot.com.es/search/label/EncontXos>

Esta actividade ten unha periodicidade mensual, pero tamén aparece vencellada ás conmemoracións e celebracións. O EncontXo dá pé a actividades posteriores na aula ou é unha actividade previa. De seguido relación dos EncontXos vencellados ao proxecto:

EncontXos 1º Trimestre:

- ✓ Rúas de Outono. Poesía e Vídeomúsica.
- ✓ Un gato na árbore. Conto animado.
- ✓ A escaleira. Conto animado. Alumnado de 5.
- ✓ Aos reis Magos non lles gustan os caramelos de menta. Teatro a cargo do alumnado de 5.
- ✓ Rúas de inverno. Haikus invernaís e Vídeomúsica.

EncontXos 2º Trimestre:

- ✓ Las ciudades de colores.
- ✓ Un can e un gato. Preparando o Nós Tamén Creamos.

EncontXos 3º Trimestre:

- ✓ Rúas de Primavera. Vídeomúsica.

E chegado o mes de xuño xuntámonos na biblioteca para despedir o proxecto anual:

### **Encontro Fin de Rueiro**

O alumnado fai un resumo aos seus compañeiros do traballado no proxecto:



Encontro Fin de Proxecto 14-15

<http://bibliobn.blogspot.com.es/2015/06/encontro-fin-do-rueiro.html>